



Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018

Sr. Conselleiro de Facenda,

Un recente estudo elaborado pola CSIF pon de manifesto que o persoal funcionario da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia sitúase á cola dos funcionarios peor retribuídos do conxunto das Comunidades Autónomas do Estado español en todos os grupos/subgrupos profesionais.

Así, en comparación coas CC.AA que perciben as retribucións complementarias máis altas, os funcionarios galegos cobran entre un 34'30% menos, no caso do subgrupo C2, e un 53'78%, no caso dos funcionarios do subgrupo A1; o que supón entre 6.786 euros e 21.825 euros anuais menos nas súas nóminas, respectivamente.

Facendo unha media salarial con respecto ao resto das CC.AA, os funcionarios da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia perciben entre 1.766 euros por debaixo desa media nos casos dos subgrupos máis baixos, e os 6.185 euros no subgrupo máis altos. A diferenza salarial media oscila entre o 8'22% e o 13 '23% respectivamente.

Por outra banda, e segundo datos do INE, do Consello de Contas de Galicia, así como da propia consellería que vostede dirixe, a evolución do Produto Interior Bruto real de Galicia e do Aforro Primario é moi positiva, cunha clara previsión alcista para os vindeiros anos.

Neste senso, en sectores da Administración da Xunta de Galicia como son o de Sanidade, Ensino e Xustiza estanse a negociar ou xa se alcanzaron acordos de mellora retributiva para situar aos seus funcionarios por riba da media do conxunto das CC.AA.


Dende a CSIF entendemos que os funcionarios da Administración Xeral da Comunidade Autónoma galega non poden quedar á marxe destas melloras económicas; e que procede, sen máis dilación, que ditos funcionarios vexan recoñecida a súa dignidade como empregados públicos. Doutra forma, ditos funcionarios serían vítimas dunha discriminación e desprezo en toda orde inxustificada e carente de fundamento.

En consecuencia, dende a CSIF, **SOLICITAMOS a convocatoria urxente da Mesa Sectorial de Negociación de Funcionarios de Administración Xeral a fin de iniciar as negociacións necesarias para acadar un acordo que permita situar as retribucións dos ditos funcionarios, cando menos, na media do conxunto das Comunidades Autónomas.**

Dende a CSIF manifestamos de partida a nosa total vocación de negociación pero, en modo algún, renunciaremos ao xusto e merecido recoñecemento da dignidade e profesionalidade dos funcionarios da Administración Xeral de Galicia.

En espera da súa resposta, reciba un cordial saúdo.

José R. Sánchez Brunete Varela  
Secretario de Organización  
Negociación Autónoma



CSI-F Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ galicia@csi-f.es 🌐 www.csi-f.es/ambito/galicia